

Mercedes Queixas, escritora: "Luísa Villalta ten un perfil moi poliédrico, era dona dun coñecemento e saber enciclopédico"

Mercedes Queixas (A Coruña, 1968) é, xunto con Montse Pena, a coordinadora de 'Un ruído provocado(r). Voces arredor de Luísa Villalta' (Laiovento), unha obra que busca descubrir as arestas da vida e obra da autora.

Laura Veiga 11/maio/24

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/mercedes-queixas-escritora-luisa-villalta-ten-perfil-moi-poliedrico-era-dona-dun-conecemento-saber-enciclopedico/20240511103726197519.html>

Por que decidiron contar con tantas voces do panorama cultural para analizar a figura de Luísa Villalta?

En Laiovento sabían que eu tiña moito interese en traballar Luísa Villalta xa desde hai moito tempo, sobre todo vinculada á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), onde traballamos para soster a súa memoria persoal e literaria todos estes anos desde que faleceu. Este ía ser un proxecto de máis longo percorrido, mais debido á dedicación do Día das Letras Galegas sufriu un adiamento, polo que comecei a pensar de que maneira podíamos darlle unha resposta áxil e acaída ao perfil de Luísa Villalta.

Pensei en compartilo con Montse Pena e configurarmos entre as dúas un libro coral, que fose unha polifonía de voces que nos permitise achegar perspectivas e liñas de investigación diferentes pero complementarias. Luísa ten un perfil moi poliédrico, era dona dun coñecemento e dun saber enciclopédico, e parecíanos que sermos capaces de traballar con varias mans e cabezas pensando era o máis parecido ao que podía ser este perfil que tiña ela. Eu non quería facer unha biografía ao uso, mais si queríamos rexistrar todas estas voces, que forman parte do legado literario e humano que nos deixou. É unha muller que hai que abordar desde moitas ópticas, desde moitos camiños de ida e volta e incluso interrelacionados entre eles.

Temos á Luísa música, profesora, poeta, narradora, ensaísta, articulista e, por suposto, activista comprometida co seu tempo, que é algo que tivo unha dedicación e un papel fundamental na súa vida.

Como se organizou o traballo e os temas a tratar entre tantas persoas?

Eu tiven a honra de coñecer e tratar Luísa persoalmente como compañeira, mentres que Montse foi alumna súa no instituto Isaac Díaz Pardo (Sada). É dicir, partiamos dun coñecemento de Luísa, polo que fomos construíndo as pezas dese quebracabezas de maneira que puidésemos ter unha imaxe súa o máis completa posíbel. Cando menos, que abordase todas esas arestas que representa. Por iso, comezamos a pensar que persoas, dependendo desas liñas de traballo que queriamos abrir, podían encaixar nesa demanda, ben porque xa tiñan traballado sobre Luísa Villalta ou ben porque a acompañaran en proxectos de vida. Intentamos abrir o espectro de lecturas arredor de Luísa Villalta e non fixalo nunha única liña.

Tendo esta relación con ela, como foi ler o que outras persoas escriben sobre Luísa Villalta?

Lendo todos os traballos en conxunto sentín unha profunda emoción. Nestes textos atopamos tres perfís: aquelas persoas que conviviron con Luísa en diferentes ámbitos; colaboradoras que non a coñeceron persoalmente, mais que a descubren a través da súa obra; e outras que non a coñeceron, mais que se recoñecen moi influídas por esa obra e esa forma de ser, persoas que teñen moi presente a lectura de Villalta e que se consideran herdeiras. E por isto mesmo tamén fixemos unha estrutura tripartita: unha primeira parte vinculada ao ámbito vital, outra segunda arredor da obra revisitada e a terceira sobre o pouso que deixou en tantísimas persoas.

Neste sentido, quero reivindicar e recoñecer o compromiso continuado da AELG e da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, que son as que periodicamente se encargaron de contribuír ao coñecemento e á divulgación da súa obra.